

ROTEIROS LITERARIOS

...

Despedida en Rianxo

En ruta



Chegamos



Charla-café no Campo



Casa-museo de Manuel Antonio



“Photocall”
con Manuel Antonio
de fondo



Diante da casa de Manuel Antonio



Museo do Mar de Rianxo



Lanzando o aparello nas Rías Baixas





Cara ás casas de Castelao e Dieste

“A nosa terra é nosa. Nada máis ca nosa”

CASTELAO



O pai de Migueliño

O pai de Migueliño chegaba das Américas e o rapaz non cabía de gozo no seu traxe festeiro. Migueliño sabía cos ollos pechados como era o seu pai; pero denantes de saír da casa botoulle unha ollada ao retrato.

Cousas, CASTELAO



A marquesiña

Chámanlle a “Marquesiña” e os seus peñños endexamais se calzaron.....

Non foi á escola por non ter chombra que pór, e chámanlle a *Marquesiña*...

A súa nai é tan pobre que traballa de xornaleira na casa do Marqués.

E aínda lle chaman a *Marquesiña*!

Cousas, CASTELAO



“Rianxo hai que entendelo como cifra de todo. Un ámbito amplísimo”



De como viu a Rianxo unha balea

Cando eu era un rapazote chegou un día a Rianxo, paréceme que ás dez e media da mañá, unha balea. Algúns, para lle restar mérito á nosa vila, din que era unha balea moi pequena, unha criaturiña de balea. Faladurías, envexa, non saben o que din.

Dos arquivos do trasno, DIESTE



Un rianxeiro súmase ao público



E imos indo ...



Xardíns do paseo da Ribeira



No paseo novo de Rianxo



Pedro foi atrapado e casouse. A muller era laidiña, pero traballadora e cobizosa. Chamábase Filomena, como súa nai. Tiña un taller de costura e padecía do estómago.

A casa cheiraba a mexo de gato. O casamento foi amañado pola sogra, unha viuda peituda que sempre falaba do seu home pousando a man dereita no molete esquerdo, a dúas coartas do corazón.

¡Eiqui o levo sempre. Eiqui! E mesmamente parecía que naquel envrullo portaba o difunto.

A. D. E. Castelao

“Pedro foi atrapado e casouse. A muller era laidiña, pero traballadora e cobizosa”.

Os dous de sempre
CASTELAO

A PEGADA

...

Opiniós acerca dunha ruta literaria

Para min foi unha experiencia moi grata. A miña familia paterna é dese concello e a miña vinculación coa vila é intensa pero, aínda que fixen vida e tarefas cotiás nela, nunca fora de excursión por esas rúas, nun percorrido cultural tan grato e que tanto disfrutei.

Mar





Teño que recoñecer que o momento que máis me emocionou, que me encheu de orgullo e de sentimentos foi cando se leron os relatos na rúa. Parecía que as ideas de Castelao e Dieste se mesturaban con nós.

Ricardo

Quixen seguir compartindo e volví
a Rianxo acompañada polas miñas
amigas, compañeiras de camiños.

[illegible]



Durante o curso
comprobas as distintas
visións dos libros que
lemos no club de
lectura e con estas
saídas amplías
coñecementos e
compartes vivencias co
resto dos compañeiros.

Encántanme os roteiros literarios porque me emociona sentir que piso a casa onde viviron os escritores aos que admiro, que ando polas mesmas rúas polas que pasearon ou que vexo a mesma paisaxe que eles viron cada día.

Alba





A min gústanme as excursións a aqueles lugares que non coñezo e máis se a viaxe se acompaña dalgunha actividade cultural (visitas de casas-museo, lectura de relatos de Castelao,...) e todo en agradable compañía nunha bonita tarde de sol. Aprender cousas novas de Manuel Antonio, Castelao e Rafael Dieste sempre paga a pena.

Hogano, máis e mellor.

Pepe



“Rianxo segue disputándolle a Roma o nome de cidade Eterna. Sempre igoal, sempre igoal : sempre igoal a si mesmo. As mesmas cantatas pol-as noites (a vosa esquina). As trompadas de sempre (...). As eternas bandadas de espranzados que embarcan pra Bós- Aires, e as eternas bandadas de defraudados que volven. As misérias, as pequeneirías de sempre. E as xigantescas postas de sol tras d'o Barbanza (non todo ha de ser pequeno)”

MANUEL ANTONIO nunha carta a **RAFAEL DIESTE**